

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**  
**SERVIZOS ESENCIAIS E NOVAS MEDIDAS DO CONCELLO DE FORCAREI**  
**PARA FACER FRONTE Ó COVID 19**

Considerando o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o ESTADO DE ALARMA e os complementarios ao mesmo, publicados no BOE nos días posteriores, e en particular o RD 10/20, de 29 de marzo.

Esta Alcaldía, en virtude das competencias que lle outorga a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO: MEDIDAS REFERIDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA, COMERCIO E INDUSTRIA:**

- a) Proceder ao estudo de medidas de compensación para aplicar á TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA, proporcional ao período de peche obrigatorio derivado do Estado de Alarma, para o sector da Hostalería.
- b) Proceder ao estudo de medidas de compensación para aplicar á taxa de recollida de lixo, proporcional ao período de peche obrigatorio derivado do Estado de Alarma, para os sectores de Hostalería, Comercio e Industria.
- c) Elaborar un Plan Especial de Reactivación dos Sectores Económicos, unha vez que remate o Estado de Alarma.

**SEGUNDO: MEDIDAS ENCAMIÑADAS Á PREVISIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO:**

- a) Asistencia social integral ás vítimas de violencia de xénero.
- b) Garantir o funcionamento dos servizos de asistencia e protección integral ás vítimas de violencia de xénero.

**TERCEIRO: MEDIDAS DE USO DO CEMITERIO MUNICIPAL:**

- a) O cemiterio municipal de Forcarei permanecerá pechado ao público durante o período de tempo que estea en vigor o Estado de Alarma.
- b) A asistencia aos enterros que sexa necesario realizar estará restrinxida a tres familiares, ou achegados. En todo caso, deberásese respetar en todo momento a distancia de seguridade.

**CUARTO: SUSPENSIÓN DE FEIRAS EN TODO O TERMO MUNICIPAL:**

- a) Tódalas feiras e mercados ao aire libre quedan suspendidas no Termo Municipal de Forcarei durante o período de tempo que estea en vigor o Estado de Alarma.

**QUINTO: SERVIZOS ESENCIAIS QUE PRESTA O CONCELLO DE FORCAREI DURANTE O ESTADO DE ALARMA E QUE A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) CONSIDERA QUE DEBEN SER PRESTADOS NECESARIAMENTE POLAS ENTIDADES LOCAIS:**

- a) Protección Civil
- b) Recollida de Resíduos
- c) Limpeza Viaria
- d) Axuda a Domicilio (S.A.F.)
- e) Teleasistencia
- f) Protección contra a Violencia de Xénero
- g) Augas e Redes de Abastecemento
- h) Alumado Público





- i) Limpeza de Edificios e Dependencias Municipais
- j) Servizos Sociais (Atención á Cidadanía e Poboación Vulnerable)
- k) Atención á Cidadanía Telefónica e Telemática
- l) Servizo de Informática
- m) Servizo de Mantemento para a Atención de Urxencias en Viais e Espazos Públicos.
- n) Secretaría
- o) Intervención
- p) Tesourería
- q) Rexistro Xeral
- r) Servizo de Obras
- s) Servizos Funerarios e de Cemiterio
- t) Responsables de Unidades Administrativas

**SEXTO:** Dar traslado da presente resolución á Comisión de Seguimento do Covid-19 no Concello de Forcarei e aos Grupos Políticos integrantes da Corporación Municipal do Concello, así como darlle publicidade a través da sede electrónica e na páxina web municipal.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE SEGÚN OS DATOS QUE FIGURAN NA MARXE**

